



**Xunta de Persoal docente de Lugo 8 de xullo de 2024 ás 11,30h.
na Sala de Prensa do Edificio Multiusos de Lugo**

**Asisten: STEG, CIG, CCOO, Fete-UXT, ANPE e CSI-F. Xefatura se
Inspección e Xefatura Territorial**

1. Ceip Albeiros, Ceip A Gándara, IES Lucus Augusti

Ceip Albeiros: Trasládase a preocupación polas formas da inspección no CEIP Albeiros, solicítase maior apoio a comunidade educativa e valoración da destitución da dirección.

A Xefatura de inspección comunica que o que se fixo foi una investigación e una actuación de acordo a normativa, indica que non foi un intento de calmar as familias se non que se actuou acorde a dilación no traslado a inspección dos feitos. Indica que a inspección comezou a actuar no mesmo momento no que se lle comunicou, o luns, logo de que o mesmo venres a inspectora estivera no centro por outras cuestións. Incide en que nunca se atacou o claustro e que a inspección esta tanto para atender o profesorado e as familias. Indica que o procedemento aínda esta aberto.

Ceip A Gándara: Trasládase a preocupación pola problemática do centro, a dilatación do proceso e o sentimento de desamparo do profesorado, e pídese explicación a inspección A XI indica que hai un escrito da totalidade do claustro no que se alude a un incumprimento grave de funcións da dirección do centro e que a inspección logo de levar a cabo as accións pertinentes no o observou, polo tanto a inspección actúo acorde a normativa xa que non se atoparon evidencias do manifestado no escrito.

A CIG indica que todo o claustro asinou o escrito solicitando o cese da dirección e que en consecuencia entenden que a situación no era axeitada.

Ceip Lucus Augusti: Trasládase que se abriron uns expedientes desproporcionados do que as OOSS non teñen información

A Xefatura de Inspección indica que non pode achegar mais información dos expedientes abertos, indica que se abriron por unhas faltas leves e neste momento están recurridos.

2. Disparidade de criterios na inspección educativa

Trasládase que non se aplica o mesmo criterio na apertura de expedientes, así como na accesibilidade á inspección por

parte do profesorado. A CIG solicita unhas directrices claras para toda a inspección de cara a unificación das accións.

A Xefatura de inspección indica que a inspección non pode perder a independencia e por iso pode existir certa disparidade, aínda que admite que hai cuestións a mellorar como é que toda a inspección reciba ao profesorado

3. Aplicación concreta do Acordo de melloras e Agrupamentos.

Solicitase que se traslade como se vai aplicar o Acordo de melloras e Agrupamentos

A Xefatura de inspección indica que a aplicación do Acordo se trasladou na mesa sectorial, respecto das horas de permanencia a inspección observará que sexan 23 de permanencia aínda que non se vai comunicar os centros por escrito posto que a lexislación non cambiou.

Solicitáselle que se comunique vía circular aos centros e que se unifique o criterio da inspección, a este respecto.

A XI indica que dará instrucións a inspección para que non inclúa esas 2 horas nos DOC.

Solicitase o cumprimento do acordo de agrupamentos na provincia de Lugo polo perxuízo que suporía a non aplicación na escola rural.

A XI da traslado a XP do comunicado á mesa sectorial sobre a aplicación do Acordo. Como non se cumpre o asinado respecto da ponderación do alumnado indica que en setembro se houbera máis de un grupo de ditas características dotarase dun profesor máis con perfil de Primaria, AL ou PT, no caso de existir máis dun grupo dotaríase de dous profesores.

Respecto do acordo de agrupamentos os cupos serán de 18 primaria e 14 en EI no caso de grupos mixtos de EI e primaria un máximo de 14 alumnos/as

Indica que esta semana está calculando as unidades dos centros e en próximas datas convocarase a reunión de vacantes. Indica que os prazos aproximados son:

Secundaria apertura de cupo o 16 de xullo (prazo do 17 ao 22)

Primaria cargaranse as vacantes o 17 de xullo

4. Solicitudes pendentes da anterior Xunta de Persoal

A XI indica que están practicamente cubertas todas as Direccións de Centros

5. Varias

UGT indica que o profesorado esta a facer labores de limpeza e movemento de mobiliario que non lle compete o finalizar o curso.

A XI indica que non lle corresponde e que o profesorado pode negarse xa que non é a súa función.